

O silencio

MANUEL XESTOSO

"**P**ode o teatro desarmar un país soñado por militares?", pregunta o elenco. Se cadra, si; se cadra o teatro ten a obriga moral de explicar por que hai un país en venda onde antes había unha promesa de futuro. Se cadra é preciso que alguén explique por que sabemos o que significa Atocha e non o que significa Ferrol. Se cadra debe explorar esa difusa fronteira onde acaba o mito da Galiza resignada e conservadora e toma alento a lembranza de Amador Rei, de Daniel Niebla, de Moncho Reboiras.

A lúa vai encuberta, a obra de Manuel María, fala de represión e de resistencia, de colonización e de emancipación, de fascistas que se transformaron en demócratas e de demócratas que alguén transformou en terroristas. *A lúa vai encuberta*, a montaxe de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante, fala do silencio que o ocultou todo. Do pacto de esquecemento que propiciou que os protagonistas da nosa historia contemporánea sexan os eucaliptos, a minaría salvaxe, o espolio eólico, a mocidade condenada á emigración.

***A lúa vai encuberta*, de Manuel María**
 Dirección: Tito Asorey
 / Dramaturxia: Vanesa Sotelo / Elenco: Davide González, Tito Asorey, Vanesa Sotelo, Melania Cruz / Vilagarcía de Arousa / Estrea: Teatro Principal de Ourense, 10 de setembro de 2021

A obra xoga coas ferramentas da farsa, porque nada máis semellante a unha farsa que o chotis bailado polos valedores do bilingüismo harmónico e os defensores dunha autonomía aprobada con máis de dous terzos de abstención; nada máis próximo ao sainete que a volta triunfal de Castelao da man dos seus executores. A

montaxe detalla as cifras e sinala os datos: explica como transiximos ante o engano desde o punto de vista dos enganados, desde a mirada perplexa dos que volven ao lugar do crime e descubren que son as vítimas. "Talvez a memoria non se relacione tanto con lembrar como con descubrir", propón.

Por iso chanta os seus esteos na memoria sen ceder ante a nostalgia: "a vida é unha operación cara adiante e non cabe concesión ningunha ao desalento", proclama. E nesa declaración de intencións atopa o terreo para a denuncia, para responder á pregunta esencial: e agora que facemos con tanto silencio?

O diálogo entre Manuel María e as dúas compañías que poñen en pé á súa obra é un reencontro necesario, unha recuperación do tronco común que une o teatro de intervención da década de 1970 e o teatro documento dos nosos días, nunha alquimia que converte o contemporáneo en clásico, o circunstancial en intemporal. É unha conversa que reúne as manifestantes das Encrobas e as de Nunca Máis, as de Baldaio e as do Non á Guerra, as de Xove e as da Guerra do Vento. Talvez sempre estiveron no mesmo bando, mais o pacto de silencio da *exemplar transición* non lles permitiu recoñecerse até o de agora. Talvez o teatro tamén serve para iso: para que o patio de butacas se recoñeza como comunidade, como Nación.



Un intre do espectáculo 'A lúa vai encuberta', montaxe de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante. / Lucía R. Regueiro



O diálogo entre Manuel María e as dúas compañías que recuperan esta peza é un reencontro necesario. / Lucía R. Regueiro



A obra xoga con ferramentas da farsa. / Lucía R. Regueiro